

Resolución da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa sobre a realización das probas de acceso ao curso académico 2020/2021 nos graos elemental e profesional das ensinanzas de música e de danza.

Por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de marzo de 2020 adoptáronse medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, que foron seguidas da declaración, por acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo de 2020, da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e de activación do Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

Posteriormente, pola Resolución do 30 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, mantense a vixencia das medidas preventivas adoptadas no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia polo Cecop con base no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de marzo, mentres que estea vixente a declaración do estado de alarma efectuada polo Goberno do Estado e a situación de emerxencia sanitaria declarada por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

O Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, do 17 de marzo, no seu artigo 9.1, suspende a actividade educativa presencial en todos os centros e etapas, ciclos, graos, cursos e niveis de ensino recollidos no artigo 3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, incluído o ensino universitario, así como calquera outra actividade educativa ou de formación impartida noutros centros públicos ou privados.

O Ministerio de Educación e Formación Profesional publicou a Orde EFP/365/2020, do 22 de abril, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021, ante a situación de crise



ocasionada polo COVID-19 (BOE do 24). Para a aplicación da devandita norma básica por parte dos centros educativos no terceiro trimestre do curso 2019/2020, ditáronse as Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. No punto 8.17. destas Instrucións, e en aplicación do establecido no sétimo apartado do anexo III.5 da precitada Orde EFP/365/2020, do 22 de abril, indícase que se aprazan as probas específicas de acceso e que terán lugar no momento no que as circunstancias sanitarias o permitan.

O Real decreto 537/2020, do 22 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, establece no artigo 7 a flexibilización das medidas no ámbito educativo non universitario no suposto de acordarse a progresión á fase II ou posterior nunha determinada unidade territorial.

A Orde SND/440/2020, do 23 de maio, pola que se modifican diversas ordes para unha mellor xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 en aplicación do Plan para a transición cara unha nova normalidade, no punto nove do artigo quinto modifica o anexo da Orde SND/414/2020 incluíndo a Comunidade Autónoma de Galicia dentro das unidades territoriais ás que é de aplicación a fase 2 do Plan para a transición cara unha nova normalidade.

Publicada a Resolución, do 22 de maio de 2020, da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional pola que se reinicia a actividade lectiva presencial no curso 2019-2020, se determinan as instrucións para o que resta do presente curso e se adoptan medidas de prevención e hixiene para a reapertura parcial nos centros de ensino non universitario dependentes da consellería.

Tendo en conta que os artigos 7, 8 e 9 do Decreto 198/2007, do 27 de setembro (DOG do 25 de outubro) establecen as características das probas de acceso do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música; e a Circular 4/2008, do 22 de maio, regula estas



probas de acceso. Así mesmo, os artigos 6, 7 e 8 do Decreto 196/2007, do 20 de setembro (DOG do 23 de outubro) establecen as características das probas de acceso do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de danza; e a Circular 3/2009, do 12 de maio, regula estas probas de acceso.

Considerando, igualmente, que os artigos 11 e 12 do Decreto 203/2007, do 27 de setembro (DOG do 31 de outubro) establecen as características das probas de acceso das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, reguladas pola Orde do 28 de xullo de 2008 (DOG do 18 de agosto). No caso das ensinanzas profesionais de réxime especial de danza, as características das probas de acceso establécense nos artigos 10 e 11 do Decreto 204/2007, do 11 de outubro (DOG do 2 de novembro), e régúlanse pola Orde do 13 de maio de 2009 (DOG do 26).

Co obxecto de que se poidan realizar coas debidas garantías de seguridade as probas de acceso ao grao elemental e ao grao profesional das ensinanzas de música e de danza para o curso 2020/2021, esta Dirección Xeral

DISPÓN

1. Acceso ao grao elemental

1.1 A proba de acceso ao primeiro curso do grao elemental desenvolveranse a partir do 1 de setembro, e de acordo cos calendarios específicos a tal efecto elaborados polos centros. Cada centro educativo establecerá o prazo de inscrición para estas probas de acceso, prazo que deberá circunscribirse ao mes de xuño.

1.2 Non se computará a proba de acceso ao grao elemental que realice a persoa aspirante nesta convocatoria aos efectos do número máximo de probas de acceso, tanto ao primeiro curso como a calquera outro.

1.3 As probas de acceso para os demais cursos do grao elemental, realizaranse no mes de setembro de 2020, segundo o establecido na normativa ao respecto.



1.4 As probas de acceso do mes de setembro aos cursos segundo, terceiro e cuarto das ensinanzas elementais de música, non se poderán realizar con músicos acompañantes, nin sequera naquelas obras que o requiran.

2. Acceso ao grao profesional

2.1 Con carácter xeral, a proba de acceso ao primeiro curso do grao profesional desenvolveranse a través da modalidade non presencial, agás nos casos que, debido á tipoloxía dos instrumentos ou ás características específicas da proba, esta deba realizarse de xeito presencial.

2.2 Para a correcta aplicación da modalidade non presencial poderanse utilizar os medios telemáticos dispoñibles a través das diferentes aplicacións ou plataformas dixitais.

2.3 O prazo de inscrición para as probas de acceso ao primeiro curso do grao profesional será o abrangido entre o 1 e o 10 de xuño, ambos os dous incluídos. Os conservatorios profesionais de música e de danza, así como os centros autorizados, establecerán un procedemento para que as persoas interesadas poidan inscribirse: a través da aplicación informática *Centros.NET*, do enderezo de correo electrónico do centro educativo, doutros medios non presenciais dos que dispoñan, ou de calquera xeito que estableza o centro educativo e que non implique o acceso ao interior do mesmo.

2.4 A partir do 15 de xuño, os centros poderán organizar as probas para aqueles aspirantes que, excepcionalmente, teñan que comparecer de xeito presencial.

2.5 Para o desenvolvemento das probas de acceso ao grao profesional haberá que realizar as seguintes adaptacións:

- Nas ensinanzas de música os respectivos tribunais estarán constituídos por dous/dúas profesores/as do centro, un/unha profesor/a de linguaxe musical e outro/a da especialidade instrumental correspondente. Nas ensinanzas de danza os respectivos tribunais estarán constituídos por dous/dúas profesores/as do centro.

- Os/as aspirantes realizarán a proba sen acompañamento musical, polo que non será





necesaria a presenza de pianistas acompañantes nos centros.

- Na execución das obras nas ensinanzas de música, non será necesario que o/a aspirante as interprete de memoria.

- O exercicio para avaliar a capacidade auditiva dos/as aspirantes constará unicamente dun exercicio conxunto de carácter práctico de entoación e lectura.

- Na proba de acceso ao primeiro curso das ensinanzas profesionais de danza realizaranse, ademais, as seguintes adaptacións:

a) A persoa aspirante realizará individualmente as distintas partes da proba, que se levarán a cabo durante a mesma sesión.

b) Elaboraranse exercicios distintos para valorar as aptitudes musicais das persoas aspirantes, en relación á capacidade rítmica e á escoita activa, que se irán propoñendo alternativamente ás persoas aspirantes.

2.6 Os departamentos didácticos establecerán o procedemento que consideren máis oportuno para a valoración dos aspirantes, tendo en conta as características excepcionais da proba de acceso.

2.7 As probas de acceso para os demais cursos do grao profesional, realizaranse no mes de setembro de 2020, segundo o establecido na normativa ao respecto.

2.8 Nas probas de acceso do mes de setembro aos cursos distintos ao primeiro do grao profesional de música non se poderá contar con ningún de tipo de acompañamento musical (nin pianístico nin para música de cámara), inda no caso de que a proba de acceso o requirise.

2.9 Para os exercicios das probas de acceso do mes de setembro aos cursos distintos ao primeiro do grao profesional de música, e que en principio serían iguais para un elevado número de candidatos (parte de linguaxe musical e parte teórico-práctica), os conservatorios, así como os centros autorizados, establecerán máis dunha sesión para a súa realización, co obxecto de manter as distancias de seguridade. Ao ser precisa máis dunha sesión para a realización destes exercicios, estes deberán ser distintos para cada sesión.



2.10 Non se computará a proba de acceso ao grao profesional que realice a persoa aspirante nesta convocatoria aos efectos do número máximo de probas de acceso, tanto ao primeiro curso como a calquera outro.

3. Matrícula

Os conservatorios elementais e profesionais de música e de danza, así como os centros autorizados, poderán iniciar os prazos de matriculación do alumnado para o curso 2020/2021 a partir do 8 de xuño.

3. Medidas de prevención

Durante a realización das probas respectaranse todas as medidas de prevención e hixiene recollidas na Resolución, do 22 de maio de 2020, da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional pola que se reinicia a actividade lectiva presencial no curso 2019-2020, se determinan as instrucións para o que resta do presente curso e se adoptan medidas de prevención e hixiene para a reapertura parcial nos centros de ensino non universitario dependentes da consellería ou calquera outra medida establecida para os centros educativos.

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2020

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López

